

ACORDO DÍAS ADICIONAIS VACACIÓNS

De acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2003 de 23 de decembro, cumprindo coas Instrucións da Dirección Xeral da División de RR.HH. e, *trala correspondente negociación sindical*, acórdanse os seguintes criterios:

DEREITO

Persoal funcionario e estatutario do C.H. Universitario de Vigo

En función da antigüidade acreditada, a razón de:

15 anos de servizo	1 día
20 anos de servizo	2 días
25 anos de servizo	3 días
30 anos de servizo	4 días

O dereito farase efectivo a partir do ano seguinte ó cumprimento dos anos de servizos recoñecidos.

NORMAS DE APLICACIÓN

1. Ó longo de todo o ano engadidas ou non a vacacións ordinarias sempre que as necesidades asistenciais e organizativas do Servizo o permitan, quedando debidamente cuberto. As denegacións motivadas deberán ser informadas á Comisión de Centro.
2. Os días adicionais de vacacións non anexionados as vacacións ordinarias poderán engadirse ós días de libre disposición, sempre que as necesidades asistenciais e organizativas do Servizo o permitan, quedando debidamente cuberto.
3. Unicamente caberá o seu fraccionamento cando se disfruten anexionados ó período de vacacións ordinarios á súa vez fraccionado, sempre que as necesidades asistenciais e organizativas do Servizo o permitan, quedando debidamente cuberto.

SOLICITUDE

- ✓ Cando se disfrute anexionado ás vacacións ordinarias, a súa solicitude é de idéntico tratamento que o establecido para as vacacións.

- ✓ Non anexionado ás vacacións solicitarase con 15 días de antelación, resolvéndose no prazo de 5 días. De non recibir contestación nese prazo entenderase concedido.

CÓMPUTO XORNADA ANUAL


Restaráselle 7 horas por cada día adicional de vacación á xornada anual efectiva do traballador.

Este Acordo poderá ser revisado previa denuncia por calquera das partes.

Vigo, 30 de maio de 2005



Asdo.: D. Manuel Sánchez Delgado
Xerente C. H. Universitario de Vigo



Asdo. D. Antonio Iglesias Duarte
Presidente Comisión de Centro

S A U D E